XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DA LEI DE GARANTÍAS DE PRESTACIÓN SANITARIA

A Secretaría Xeral da Igualdade, ao abeiro do previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo único, apartado 2 da Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, emite o seguinte **informe de impacto de xénero**

PRIMEIRO. PERTINENCIA DO INFORME

Segundo o disposto polo artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se non se acompañasen ou se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Este precepto establece a obrigatoriedade da análise previa ao debate parlamentario de calquera iniciativa lexislativa que leve a cabo o goberno galego, de forma que se valore o impacto por razón de xénero que poidan ter as medidas que se establezan na mesma. Deste xeito o informe de impacto de xénero constitúese como unha ferramenta para a intervención a favor da igualdade de oportunidades dende as políticas xerais, sendo unha forma de implantar e desenvolver a estratexia da transversalidade de xénero, cumprindo así tamén o establecido no artigo 6 da citada Lei 7/2004, onde se establece que "coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade co Estatuto de Autonomía".

O anteproxecto de Lei sobre o que se emite este informe ten por obxecto o establecemento dun sistema de garantías das prestacións sanitarias en relación a unha serie de dereitos tales como demoras máximas, libre elección de médico/a de familia, segunda opinión médica, instrucións previas e información. O carácter específico e eminentemente "técnico" do Decreto implica que só procede valoralo dende o punto de vista da eliminación dunha linguaxe normativa non sexista.

SEGUNDO. ERRADICACIÓN DO SEXISMO NA LINGUAXE NORMATIVA

Os artigos 17 e 18 da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, e o artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establecen a obrigatoriedade da "implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo".

Para o cumprimento deste mandato recoméndanse as seguintes correccións no texto:

- Utilízase en numerosas ocasións ao longo do texto "o paciente", "os pacientes"... e recoméndase "o/a paciente", "os/as pacientes"...
- Na exposición de motivos e no artigo 21 , entre outros, dise "os cidadáns", "dos cidadáns", "cos cidadáns"...e recoméndase "a cidadanía" ou "os/as cidadáns/ás" coa adaptación a cada caso.
- Tamén se utiliza con frecuencia " o médico de familia", "un profesional médico"...e recoméndase " o/a médico/a de familia", "un/unha profesional médico/a"...
- Tamén se di "os profesionais", "un profesional" "do profesional sanitario...e recoméndase "os/as profesionais", "un/unha profesional", "do/a profesional sanitario/a"...

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

- Utilízase con frecuencia " o usuario", "todos os usuarios" e recoméndase " a persoa usuaria ", "o/a usuario" ou "todas as persoas usuarias" ou "todos/as os/as usuarios/as" e de xeito similar noutras ocasións. No caso do artigo 12.5, no que si se utiliza "Os usuarios e usuarias" recoméndase adecuar "informados", quedando do seguinte xeito "deberán ser informados/as".
- Outro dos termos reiterados unicamente en masculino é "facultativo", recoméndase "facultativo/a" adaptándoo a cada caso, como por exemplo "polo/a facultativo/a encargado/a".
- No artigo 4 utilízase "beneficiarios" ou "beneficiario" e recoméndase "persoas beneficiarias" ou "beneficiarios/as", e igual en singular.
- No artigo 4 dise "aos titulares" e recoméndase "ás persoas titulares" ou "aos/ás titulares".
- No artigo 5.2 dise "atención a queimados" e recoméndase "atención a persoas queimadas" ou "atención a queimados/as".
- No artigo 8 dise "adopción dun fillo" e recoméndase "adopción dun/dunha fillo/a"; tamén se di "enfermidade grave dun familiar" e recoméndase "enfermidade grave dun/dunha familiar" (e de xeito similar no artigo).
- No artigo 10 dise "aos responsables" e "dos responsables" e recoméndase "ás/os responsables" ou "ás persoas responsables" e "dos/as responsables".
- No artigo 12 dise "menores de idade non emancipados ou incapacitados" e "polos pais, titores ou representantes legais..." e recoméndase "polos/as pais/nais, titores/as ou representantes legais".
- No artigo 16 dise "ao cónxuxe" e recoméndase "ao/á conxuxe"; tamén se di "quen exerza de coidador" e recoméndase "quen exerza de coidador/a".
- No artigo 16.b) dise "ao seu representante legal" e recoméndase "ao/á seu/súa representante legal".
- No artigo 17 utilízase "ao solicitante" e recoméndase "á persoa solicitante" ou "ao/á solicitante".

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

- No artigo 18 dise "un representante para que sirva de interlocutor co médico" e recoméndase "unha persoa representante para que sirva de interlocutor/a co/a médico/a".
- No artigo 20.1 dise no apartado a) "Ante notario" e recoméndase "Ante notario/a" e no apartado b) " Ante tres testemuñas...dos cales, polo menos dous...nin estar vinculados" e recoméndase "Ante tres testemuñas...das cales polo menos dúas...nin estar vinculadas" (téñase en conta que o xénero gramatical de testemuña é feminino) e "co outorgante" e recoméndase "coa persoa outorgante" ou "co/a outorgante" e así noutras ocasións.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro do 2012

A secretaria xeral da Igualdade

XUNTA DE GALICIA · PRESIDENCIA · SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Susana López Abella